

NOTA INFORMATIVA
AXENDA

Venres 12

10.00 h.

Mancomunidade da Comarca de Santiago de Compostela

Na sede da Mancomunidade (rueiro de Figueiriñas, nº 5), o alcalde de Santiago, Xosé A. Sánchez Bugallo, e presidente desta institución, participará na súa xuntanza.

11.00 h.

Na sede da Mancomunidade, os alcaldes que integran esta institución e a conselleira de Política Territorial, María Xosé Caride, asinarán o Plan de Transporte Comarcal.

10.30 h.

Concertos Didácticos

No Teatro Principal, Concerto Didáctico da Banda Municipal de Música. Participarán unhas 215 persoas do Ceip Fontiñas, do colexio San Francisco Xavier, da Escola Infantil Raiola e do grupo de Terapia Ocupacional do Psiquiátrico de Conxo.

12.00 h.

Na Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de cultura, Néstor Rego; a presidenta da Asociación de Profesores de Francés en Galiza, Carmen González Teixeira; a directora do Departamento de Filoloxía Francesa e Italiana da USC, Laura Pino; e o agregado de cooperación para o francés da Embaixada de Francia en España (zona norte), Adelino Braz para presentar as *I Xornadas da Francofonía*, que se celebrarán os vindeiros 15 e 16 de maio en Compostela.

13.00 h.

No recinto feiral de Amio, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste xunto ao vicepresidente da Xunta, Anxo Quintana, á inauguración de Expovivenda.

19.00 h.

No Centro Sociocultural das Fontiñas, inauguración da exposición "Bilingüismo cromático", de Encarna Álvarez. A exposición poderase visitar ata o vindeiro 29 de maio, co seguinte horario: Luns de 10 a 14 h. e de martes a sábado de 10 a 14 h. e de 17 a 21 h.

20.30 h.

Escola de Pais e Nais para o tempo libre

Na Biblioteca do Centro Sociocultural de Conxo, charla de Manuel Armas Castro sobre "Adolescentes e violencia. Outra forma de diversión?". A asistencia está aberta a todo tipo de público interesado.

XV Semana Aniversario do Centro Sociocultural "José Saramago" de Vite

17:30- 19:00 h

RITUAL DE TÉ SAHARAUI.

19:30-22:30 h

DANZA ORIENTAL (Danzas antigas do Al-Andalus).

Imparte: Lesya Star.

19:00h

CONTACONTOS (nenos e nenas).

20.30 h.

Teatro

Na Sala Yago, *O avaro* de Molière. Galileo Teatro.

21.00 h.

Teatro

No Teatro Principal, *A farsa do Bululú* de Manuel María. Teatro do Morcego.

22.00 h.

Teatro

Na Sala Nasa *Pola noite diante dos bosques*. Teatro Dom.

22.00 h.

Música

No pub Ambigú, *Kobe*.

Santiago de Compostela, 11 de maio de 2006